



BASES REGULADORAS DA INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO MULTIDEPORTE BARBADÁS 2026

As presentes bases regularán o proceso de inscrición no Campamento Multideporte Barbadás 2026. O programa está orientado á práctica de diferentes disciplinas deportivas, actividades acuáticas e talleres creativos, para fomentar o desenvolvemento de destrezas manuais e cognitivas, complementando o esforzo físico e crecemento intelectual.

A actividade terá lugar na Casa da Mocidade, piscinas e polideportivo municipal en horario de 9.00 a 14.00 horas.

1. PRAZAS E QUENDAS

1.1 Ofértanse un total de 4 quendas. Cada quenda terá unha duración dunha semana (de luns a venres), repartidas da seguinte maneira:

QUENDAS SEMANAIS	CÓDIGO	PREZO POR QUENDA
3 ao 7 de agosto	D001	20€
10 ao 14 de agosto	D002	
17 ao 21 de agosto	D003	
24 ao 28 de agosto	D004	

1.2 O numero de prazas por quenda é de 20 participantes, o que supón un total de 80 prazas.

1.3 Poderanse solicitar ata 3 quendas por orde de prioridade.

1.4 No caso de que quedasen prazas libres, poranse a disposición dos solicitantes ou ben poderán ampliarse os prazos para novos solicitantes no suposto de non cubrir todas as prazas.

1.5 A programación de talleres e actividades deportivas pode variar segundo a semana e pode sufrir modificacións por climatoloxía adversa.

2. REQUISITOS DE ACCESO

2.1 A idade mínima para participar será de **8 anos**, que os participantes deberán ter cumpridos antes do inicio da quenda correspondente.

2.2 A idade máxima para participar será de **14 anos**.

2.3 Terán prioridade os solicitantes empadroados no concello.

2.4 Os solicitantes poderán participar en **ata tres quendas**, que poderán solicitar por orde de prioridade. Con todo, antes de conceder a segunda e terceira quenda, daráselle prioridade a quen non teña concedida ningunha.



Concello de Barbadás

2.5 Os/as solicitantes deberán ter en conta que os contidos das diferentes actividades teñen unha dificultade media-alta; polo tanto, por seguridade, para participar é **obligatorio saber nadar e/ou ter capacidade de flotación**. Da mesma maneira, as persoas con diversidade funcional deberán ter en conta esta condición e que as súas limitacións e/ou necesidades **especias** lles permitan participar e beneficiarse das actividades programadas. En función do tipo de discapacidade, poderá **excluirse** a participación neste programa.

2.6 As persoas con diversidade funcional deberán facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude.

3. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

3.1 O prazo de inscrición será do 1 ao 8 de xuño (ámbos os dous incluídos).

3.2 A adxudicación das prazas realizarase de maneira directa, por rigorosa orde de inscrición e do xeito que se sinala no artigo 2 destas bases.

3.3 O día 15 de xuño publicarase a **listaxe provisional** de admitidos na páxina web do concello (www.barbadas.es) e terán de prazo ata o 22 de xuño para realizar o pagamento. Este requisito é obrigatorio para confirmar a praza.

3.4 A **listaxe definitiva** publicarase o día 26 de xuño.

4. INSCRICIÓNS

4.1 As inscricións poderán realizarse **presentado** o modelo de solicitude do anexo I a través dunha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás (<https://barbadas.sedelectronica.gal/>).
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello ou Oficinas Municipais da Valenzá)
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.2 O horario das oficinas para realizar a inscrición de forma presencial será de luns a venres, de **8.30 a 14.30 h.**

4.3 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser **veraces**; de non ser así, **suporán** a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

5. PREZOS E PAGAMENTO

5.1 O **custo** da praza é de 20€ por quenda semanal.

5.2 Os/as solicitantes admitidos/as deberán realizar o pagamento das quendas adxudicadas **do 15 ao 22 de xuño** e presentarán o xustificante na Casa da Mocidade persoalmente ou no



Concello de Barbadás

endereço electrónico **xuventude@barbadas.es** , dando así por confirmada a súa praza.

5.3 No caso de non presentar o **xustificante** de pagamento no prazo correspondente a praza quedará vacante e **seralle** ofrecida ás persoas solicitantes que figuran nas listas de agarda.

5.4 O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria ao número de conta/IBAN: **ES78 2080 0470 2931 10000065**, indicando o código da actividade, a quenda correspondente e o nome e apelidos do/a menor.

5.5 Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo que se acredite a imposibilidade do neno ou nena de asistir á actividade mediante **certificado médico** que deberá presentarse cunha antelación mínima de 48 horas antes do inicio da actividade.

6. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Concellería de Mocidade e Deportes

Contacto:

Casa da Mocidade de Barbadás

Tel.: 988 000 234

Enderezo electrónico: xuventude@barbadas.es

A participación nos campamentos **supón** a aceptación e o cumprimento das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os **cambios** oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento da actividade.



Concello de Barbadás

ANEXO I- SOLICITUDE INDIVIDUAL 'CAMPAMENTO MULTIDEPORTE BARBADÁS 2026'

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO/A MENOR

NIF	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO/A MENOR

NIF	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DATA DE NACEMENTO	IDADE	PADECE ALGUNHA DIVERSIDADE FUNCIONAL?	
SOFRE ALGÚN PROCESO ALÉRXICO OU SIMILAR? INDICAR CALES E/OU OUTRAS OBSERVACIÓNS A TER EN CONTA:			

QUENDA (DATAS)

CÓDIGO DA ACTIVIDADE

1ª OPCION		
2ª OPCION		
3ª OPCIÓN		

DECLARACIÓN RESPONSABLE MATERNA/PATERNA/TITOR/TITORA DE QUE O/A MENOR SABE NADAR E/OU TEN CAPACIDADE DE FLOTACIÓN

Declaro que o meu fillo ou filla **sabe nadar e/ou ten capacidade de flotación** para os efectos de poder asistir a esta actividade.

DECLARACIÓN XURADA DO/A RESPONSABLE DO MENOR

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que figuran nesta solicitude, coñecendo as normas de participación e inscrición.

PROTECCIÓN DE DATOS :

O Concello de Barbadás como responsable do tratamento, infórmalle que os seus datos, solicitados directamente do propio interesado ou de terceiros que os facilitan no seu nome, trátanse de acordo aos principios de aplicación esixibles polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de aplicación. En todo momento o Responsable do tratamento trata os datos de maneira lícita, leal e transparente, de acordo á finalidade e de forma o máis exacta posible, garantindo a integridade e confidencialidade dos mesmos. O tratamento de datos realízase coa finalidade de tramitar as solicitudes de praza no Campamento Multideporte 2026 e posibilitar a súa participación. O tratamento de datos é necesario para o cumprimento dunha misión de interese público e o cumprimento dunha obriga legal determinada pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Os datos poden ser comunicados empresas prestadoras de servizos e a forzas e corpos de seguridade e sempre que unha obriga legal así o determine. Así mesmo, o responsable do tratamento comunícalle que os datos se conservarán durante o tempo necesario para o cumprimento das finalidades descritas e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar delas. O interesado pode exercer os dereitos de acceso aos seus datos persoais, de rectificación dos datos inexactos ou incompletos, de portabilidade, de supresión dos seus datos, cando entre outras circunstancias xa non sexan necesarios para os fins que motivaron a súa recollida, e os dereitos de limitación do tratamento en determinadas circunstancias e oposición ao seu tratamento e a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado dos datos persoais, incluída a elaboración de perfís. Para iso debe de dirixirse ao á Casa do Concello na Rúa Cimadevila, 1 - 32890 Ourense. Enderezo electrónico: concello@barbadas.es Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.aepd.es.

AUTORIZACIÓN:

A organización solicita o consentimento dos pais/nais ou titores legais dos menores para poder realizar e publicar fotografías das actividades deste programa nas que os/as rapaces aparezan de forma individual ou colectiva, para a súa publicación en prensa, redes sociais e páxinas web municipal.

Sí damos o noso consentimento

Non damos o noso consentimento

LUGAR E DATA:

En _____ ,a _____ de _____ 2026

Sinatura da Persoa Representante:



Concello de Barbadás